



VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle (631/199/2013).

O Pleno Municipal, en sesión realizada o día 23 de decembro de 2013, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a ordenación de volumes e fixación de condicións estéticas dun equipamento docente na Sardiñeira, promovido polo Concello da Coruña.

Segundo. Ordenar o cumprimento dos trámites administrativos recollidos nos artigos 92.2 e 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para procurar a entrada en vigor do estudo de detalle.

Terceiro. Notificarles o acordo de aprobación definitiva aos titulares catastrais, ás áreas municipais de Licenzas e Disciplina Urbanística, Xestión do Solo, Sección de Patrimonio Urbanístico e ao promotor, a quen lle pedirán, ademais, que no prazo de dez (10) días presente en soporte informático a documentación aprobada para a súa incorporación ao Sistema de información xeográfico municipal.

Cuarto. Ordenar o dilixenciamiento do estudo de detalle que consta no Servizo Municipal de Urbanismo.»

A documentación exixida polo artigo 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, tivo entrada na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o día 23 de xaneiro de 2014.

Este acordo pon fin á vía administrativa e contra este poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se practique a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou no *Boletín Oficial* da provincia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen preuixido de cualquera outro que se considere pertinente.





DOG Núm. 39

Mércores, 26 de febreiro de 2014

Páx. 8362

O estudo de detalle entrará en vigor aos quince días hábiles da publicación da normativa no *Boletín Oficial* da provincia (artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

A Coruña, 23 de xaneiro de 2014

César de Jesús Otero Grille
Director de Urbanismo

CVE-DOG: h94ahge2-sxg4-ljc9-4dc3-vznwmo7o4lo1



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>